



AROHA E ANDREA

Bo día a todas e todos. Somos Aroha e Andrea, alumnas da materia de Coeducación para o Século XXI de 1º de BAC e estamos aquí con compañeiras e compañeiros da materia-onde estamos alumnado que fixo a ESO no Fontexería, en Carnota e nas Ínsuas - para falar da violencia de xénero co motivo da celebración do 25 de Novembro, día Internacional de loita contra a violencia cara as mulleres.

Cando estamos a falar de violencia case sempre pensamos na definición que vén nos dicionarios: o uso da forza para conseguir un fin, especialmente para dominar a alguén. Hoxe imos falar dunha idea máis ampla de violencia, entendendo por violencia todos os actos, expresións, ideas que atentan contra o benestar físico, psíquico e emocional das persoas. E por suposto, un día coma hoxe, imos facelo con perspectiva de xénero. A lei Integral de Violencia de Xénero, aprobada en España no ano 2004, recolle a definición aceptada internacionalmente de violencia de xénero, que é aquela que sufrimos as mulleres polo feito de ser muller. Sen embargo, a lei finalmente só legisla como violencia de xénero aqueles actos violentos dun home cara unha muller cando entre ambos hai ou houbo unha relación de parella.

Nós hoxe non queremos centrarnos en falar na violencia dentro das parellas heterosexuais, senón que queremos explicar como pode ser que un home chegue a matar a unha muller polo feito de ser muller, se sabemos que ningún neno nace sendo un asasino en potencia. Así, se conseguimos entender que é o que falla, poderemos promover medidas para acabar coa violencia cara as mulleres.

A nosa compañeira Lucía vai comezar a explicación.

LUCÍA E MIREIA

FÁLTAME O TEXTO DE LUCÍA....Comezaría así..

LUCÍA: Para entender mellor a violencia, escollimos esta imaxe da coñecida como pirámide da violencia de xénero, que ás veces tamén se representa como iceberg da violencia. Nela vemos na parte máis alta, igual que nun iceberg, o que normalmente a xente pensa cando se fala de violencia: os insultos, a agresión física, o asasinato. Ou sexa, as formas visibles e explícitas. Pero esa violencia, que é a parte máis pequena da pirámide ou do iceberg-aínda que a máis grave, evidentemente non sería posible se non estivese sustentada sobre moitas outras formas de violencias sutís e invisibles, moitísimo máis extendidas, que fan posible a violencia visible. Decimos que estas outras formas de violencia son invisibles non porque non recoñezamos que pasan, senón porque non as consideramos violencia e non vemos a relación que ten coa parte de arriba da pirámide ou do iceberg.

Toda esta pirámide, se vos fixades, está sustentada no que se define como sociedade patriarcal. Mireia vaivos explicar a que se refire esta expresión.

MIREIA. Como ben dixo Lucía, a pirámide da violencia de xénero constrúese sobre a sociedade patriarcal. Podemos definir sociedade patriarcal ou patriarcado coma un sistema sociopolítico no que o xénero masculino se considera superior ao feminino. Esta actitude dáse por parte dos homes e tamén de moitas mulleres tanto no ámbito público coma no privado. Por iso podemos dicir que todas e todos nós contamos cunha educación patriarcal moi forte, xa que desde a infancia aprendemos sobre todo do que vemos, e fannos considerar normais situacións que non deberían selo. Isto é especialmente evidente nas relacións entre persoas de distinto sexo, tanto de amizade como de parella. Nestas relacións exteriorizamos o sexismo aprendido ao longo de toda a vida, puidendo chegar a comportamentos que todas e todos nós identificaríamos como de violencia de xénero, que son os que aparecen no cumio da pirámide. Sen embargo, nós queremos chamar a atención especialmente sobre a parte inferior da pirámide, porque son as actitudes e comportamentos que en principio parecen inofensivos, pouco importantes, incluso só bromas, como no caso do humor sexista, e das que todas e todos nós somos partícipes ata certo punto. Aínda que pareza esaxerado, permitilas e reproducilas fai que haxa homes que siguen subindo pola pirámide con comportamentos cada vez máis violentos, máis perto do cumio. Por que podemos afirmar isto? Porque ningún neno nace maltratador. Para educar a un neno ata convertilo nun home maltratador fai falla unha sociedade que de maneira constante está recordando a suposta superioridade masculina: a través da publicidade machista, a linguaxe sexista, a invisibilización das mulleres en todos os ámbitos....Porque recordemos, só se maltrata a quen se considera inferior.

Sobre a publicidade sexista van falar de novo Andrea e Aroha.

ANDREA E AROHA

Unha das partes máis importantes da base da pirámide é a publicidade sexista, que a día de hoxe está tan normalizada na sociedade que probablemente a temos todo o mundo normalizada, sen reparar ata que punto nos está mandando mensaxes de maneira constante sobre o que se espera que sexa un home e o que se espera que sexa unha muller. E isto é o que nos atopamos:

FÁLTANME AS IMAXES!!!

Sobran palabras...A igualdade non está por ningún lado.

Hoxe por hoxe, a pesares dos avances nos dereitos das mulleres, non podemos negar que a publicidade, feita para vender, recórdanos todos os días que o sexismo vende. Por que? Porque seguimos vivindo nunha sociedade moi sexista, nunha sociedade profundamente patriarcal.

#### HUMOR SEXISTA : MARÍA E NICO

NICO: Nós imos falar dos límites do humor. O primeiro que pensas cando ves o humor sexista na pirámide da violencia é se agora tampouco imos poder facer chistes.. A ver, cada cal, na súa casa ou na súa vida pode rirse do que lle dá a gana, ou do que lle deixen ou do que lle faga gracia ao seu entorno. A cuestión é que, do que te ríes, te define. Historicamente, nos reximes totalitarios utilízanse as revistas de humor, os chistes....para dicir “en broma” o que non se pode dicir en serio. En reximes non totalitarios, o humor tamén se emprega para dicir o que é normal e o que non, que é unha forma de dicir quen ten privilexios e quen non. Así, está a xente que fai os chistes e a xente da que se fai chistes. Porque o humor, cando non é cara adentro ou cara arriba, é opresión.

MARÍA: No noso contexto cultural os chistes historicamente os fan os señores brancos paios heterosexuais, autónomos economicamente, sen diversidade funcional.. que se rin das mulleres, dos maricas, das bolleras, da xente xitana, negra, inmigrantes, con diversidade funcional....Cando nos rimos en espazos públicos de persoas ou colectivos que están en situación de vulnerabilidade estamos reforzando esa vulnerabilidade...Rirse da sobrecarga doméstica das mulleres (ver diapositiva), da violencia que padecemos(ver diapositiva), dos límites á nosa liberdade (ver diapositiva), é ser complice na normalización de todas esas formas de violencia. É como dar ánimo a todos os homes que son capaces de exercer violencia directa sobre as mulleres.

Eu non son machista, o machista é Deus por crealas inferiores.

Que teñen en común un globo con helio e unha muller? Que o globo tende a subir e a muller sube a tender.

Como vou ser machista eu , se cociño, plancho, frego e fago todas esas cousas de mulleres?

Que fai unha muller fóra da cociña? Turismo

#### MICROMACHISMOS: ANA E BERTA

ANA: O prefixo micro utilízase para referirse a algo moi pequeno, polo tanto cando estamos a falar dos micromachismos, facemos referencia a formas de dominio e de control que case nin se perciben. Sen embargo, son obstáculos e resistencias para a igualdade real das mulleres no cotiá. Como ser descaradamente machistas está mal visto, para iso están os micromachismos, para manter os privilexios masculinos.

Por exemplo, cada vez que unha muller pasa medo andando soa pola rúa, demóstrase que a liberdade de andar sen medo polo mundo é un privilexio masculino.

BERTA: Cada vez que se lle pregunta a unha muller se ten ou vai ter fillos nunha entrevista de traballo, está claro que o sistema nos impón a obriga dos coidados.

ANA: Cada vez que unha muller recibe un comentario sobre o seu corpo que non pediu, refórzase a nosa obrigatoriedade de gustar, ou de pagar con burlas por non facelo.

BERTA: Cada vez que un home deixa algo sen recoller, sen limpar porque sabe que vai vir detrás unha muller a facelo, evidénciase que os homes pensan que o seu tempo vale máis ca o noso

ANA: Como se trasmiten os micromachismos? Por suposto, co exemplo que vemos todos os días ao noso redor, pero tamén a través de películas tan “inocentes” como as de Disney. DIAPOSITIVA COA FRASE DA SIRENITA

“ Hablando mucho enfadas a los hombres, se aburren y no dejás buen sabor.Pues les causa más placer las chicas que tienen pudor, no crees que estar callada es lo mejor?”

Ou en Aladín: “Quero asegurarme de que alguén se ocupe de ti. Que alguén te protexa”.

Ou En Blancanieves . “Servirei de moito. Se lavar, coser, barrer e cociñar”.

Ou con frase de uso cotiá, coma : É cousa de homes, Deixa de chorar coma unha nena

Muller tiña que ser, Portate coma unha señorita...

BERTA : Na música que escoitamos, nos videoclips, nas letras de moitas cancións, refórzase constantemente mensaxes machistas coma os de tantas cancións de trap ou reaggeton...

Por exemplo, cancións como La Muda, que di

“Quiero una mujer bien bonita, callada que no me diga naa..

Ou sexa, guapa e submisa, o ideal feminino...

Ou outras como “si me porto mal”:

No es culpa mía si me porto mal, que es lo que buscas, si te me acercas más...

As letras destas cancións son maioritariamente masculinas, aínda que tristemente tamén hai mulleres que reivindicán a submisión feminina:

“Si, yo hago la comida. Si yo me ocupo de la limpieza. Si, tú eres el jefe y te respeto.”

#### LINGUAXE SEXISTA: UXÍA E ÁLVARO

UXÍA: Ola Somos Uxía e Álvaro e imos falar sobre a linguaxe sexista. Por linguaxe sexista enténdense todas as formas de expresións lingüísticas que prioriza o xénero masculino e desvaloriza ao feminino. A linguaxe sexista non provoca violacións nin asasinatos, evidentemente, pero serve para xerar desde o momento que empezamos a falar, a idea de que as mulleres somos inferiores aos homes. Todos os días as mulleres somos invisibilizadas polo uso da linguaxe, xa sexa de forma consciente ou sen querer.

Por exemplo, na linguaxe calquera expresión que inclúa símiles con animais en xénero feminino é negativa: zorra, perra, cotorra, galiña...enviando a mensaxe de que o feminino é peor que o masculino.

Ao referirse a feitos históricos referentes aos ser humano utilízase o masculino.."O home descubriu o lume", " Os homes cazaban"...a pesares de que non hai evidencia de que foran actividades exclusivamente masculinas. Por exemplo, o detonante da revolución francesa foi, a revelión das mulleres pola escaseza de comida, pero séguese a ocultar este feito nos libros de historia, xa que cando se fala "dos franceses" ninguén pensa que as protagonistas foran as mulleres..

ÁLVARO: Todos estes exemplos poden parecer tonterías, pero a linguaxe é transmisión de ideas, e cando por comodidade empregamos o masculino para referirnos a homes e mulleres, estamos transmitindo a idea de que as mulleres poden ser invisibilizadas, pero os homes non. Non hai máis que ver como incomoda aos homes o feito de non seren nomeados, cando se emprega o feminino para falar dun grupo onde son todas mulleres e hai só, por exemplo, un home. Se nos sentimos incómodos por que non non inclúen, por que nos costa tanto aceptar que as mulleres se sintan incómodas ? Usamos a excusa de que están acostumadas desde pequenas e non lles importa? Pois parece que non queremos escoitar que hai moitas as que si lles importa...Eu vou ser sincero, ao mello nunca chego a emprega a linguaxe inclusiva por preguiza, ou as veces si e as veces non...pero o que creo que non se pode dicir é que invisibilizar sempre as mulleres non sexa sexismo.

#### MALTRATO PSICOLÓXICO: MANEL E RAÚL

MANEL:

Raúl e eu imos falar dun nivel superior da pirámide da violencia, onde pasamos das cuestións máis sociais e estruturais do nivel inferior, a diversas formas de violencia psicolóxica que se pode dar nas relacións persoais de todo tipo: familiares, laborais, de parella... Vivimos nunha sociedade na que o maltrato- en vez do bo trato- está moi normalizado, ata o punto que esta violencia psicolóxica que se atopa no medio da pirámide aféctalle a todo o mundo. Todo o mundo sente que se lle ignora cando non se lle presta atención ao dicir algo no seu grupo de amigos, todo o mundo recibiu burlas ou humillacións ao cometer un erro diante de toda a clase e quen non sentiu que súa opinión era desvalorizada ou que se desprezaba sin respecto ningún?

Todo o mundo sentiu isto máis dunha vez e probablemente todo o mundo llo fixo sentir a alguén. E por iso sabemos que fai dano, e por iso é unha forma de violencia.

O maltrato psicolóxico podemos dicir que se exterioriza máis no sexo masculino, á nosa idade incluso a maioría de veces dirixido a outros rapaces, xa que a educación dos homes nesta sociedade baséanse na competición entre nós, no afán de dominio, na búsqueda da superioridade...

Un día coma hoxe, por suposto, queremos poñer a ollada no maltrato psicolóxico que reciben as mulleres, especialmente nas relacións de parella.

Este aspecto pasará a explicalo meu compañeiro Raúl.

RAÚL:

Como ben dixo Manel,este tipo de violencia,afectanos a todos,porén os homes empregana máis,e debido ao costume de empregar este tipo de violencia,empregano con todo o mundo,xa

que ven que fai a súa función, que sería dominar á outra persoa, conseguir tela controlada. Nas relacións de parella, antes de chegar a agresións físicas, sempre hai todas estas formas de violencia psicolóxica. O dano á autoestima que supón a violencia psicolóxica explica a incapacidade de moitas mulleres de separarse do seu maltratador. É fundamental aprender a detectar estas condutas como sinais de alerta de que unha relación é de maltrato, xa que aínda que non se chegue ao maltrato físico, este tipo de desprezo pode chegar a facer máis dano que a violencia física. Lara e Aida van falar da chantaxe emocional, xa que é unha forma de violencia psicolóxica moi estendida nas relacións de parella cando se cae nos mitos do amor romántico.

#### CHANTAXE EMOCIONAL: LARA E AIDA

LARA: Podemos definir a chantaxe emocional como as presións que nos obrigan a actuar en certo sentido, cando non queremos. Imos facelo desde a perspectiva das mulleres coma vítimas, porque pola forma en que nos educan para que nos coste tanto dicir que non,poñer límites aos demais, é máis fácil que toleremos este tipo de violencia. Pero tamén hai que dicir que a chantaxe emocional non é exclusiva dos homes. E sempre é un indicador dunha relación tóxica.

O obxectivo da chantaxe emocional é controlar, confundir, paralizar ou culpar a quen a recibe, Pode ser de maneira indirecta, sutil, ou agresiva e aplastante.

AIDA: Como dixemos,é moi importante saber recoñecer cando nos están facendo chantaxe emocional,para non acabar facendo o que non queremos. Diferentes tipos de chantaxe que as mulleres sufrimos: a culpabilización ( mira o que me obrigaches a facer...), insistencia abusiva..insistir, insistir ( para ter relacións sexuais, por exemplo, como proba de amor), dar pena (buscando dar lástima para que non rompas a relación), ameazas (como a de irse con outra para obter relacións sexuais), o silencio castigador , para conseguir que a vítima ceda para que mellore o clima da relación, o vitimismo (se saes coas túas amigas quédome colgado),que non é máis ca unha existencia disfrazada de lástima..., as promesas de “vou cambiar”....

LARA: Agora Thais e Cristina vannos falar da agresión física, un tipo de violencia que todo o mundo recoñece como tal, pero á que desgraciadamente se chega por non ter detectado antes e parado as violencias das que xa falamos.

#### AGRESIÓN FÍSICA. THAIS E CRISTINA

THAIS: Para falar da violencia física nas relacións de parella, escollimos esta imaxe gráfica, a da escaleira da violencia, a do conto de Pepa e Pepe, e vamos explicarnos a agresión física poñéndoa en relación co que explicaron anteriormente as compañeiras e compañeiros. Parécenos que representa moi ben o que lle pasa a unha muller maltratada. Se a calquera de nós nos dixeran ao comezar unha relación que non nos van deixar vestir como queremos, que nos van controlar o móbil, que non imos poder quedar coas nosas amigas, que imos ter relacións sexuais cando a el lle apeteza e que se non facemos todo iso, nos van dar unha paliza...ningunha empezaría esa relación.

CRISTINA: Sen embargo, empezamos unha relación coma empezan todas, con todo bonito e ilusionante..Ata que un día, sutilmente, comeza o control, e nós pensamos que é unha mostra de amor. Cedemos, e subimos o primeiro escalón. Máis adiante, coa chantaxe emocional que explicaron Aida e Lara, pouco a pouco, vaimos separando da xente que queremos... Volvemos a ceder, e subimos outro escalón. Ailladas, é moito máis fácil que acabemos cedendo moito máis..Así, escalón a escalón, cando chega a violencia física xa non somos a persoa que eramos ao principio da relación, a que diría non a todo iso se soubera que ía ser así. Nese momento, a muller que está no medio da violencia física necesita de toda a axuda da sociedade para poder saír desa relación de maltrato. Por iso estamos aquí, para aprender como é o ciclo da violencia, non entrar nel e poder alertar de calquera situación que coñezamos.

A continuación, Hugo e Clara van falar do abuso sexual e da violación.

#### VIOLACIÓN: HUGO E CLARA

HUGO : Todos sabemos que a violación é unha forma de violencia extrema, ou en teoría todos deberíamos de saber isto. Eu voume centrar nun aspecto desta pirámide que debería ser modificado, e esa distinción que aparece entre violación e abuso sexual. Quero falar disto porque esta suposta diferenza legal é a que está detrás de casos tan escandalosos como a sentenza da “manada de Pamplona “ e que sacou a miles e miles de mulleres e homes á rúa a protestar hai dous anos. Para a lei española, para que haxa violación, ten que haber violencia e intimidación. Se consideran que non o hai, o delito é de abuso sexual.Por iso cando a vítima da manada quedou paralizada polo medo e non tiveron que darlle unha paliza para violala, os xuíces de Pamplona consideraron que non fora violación. Acaba de volver a ocorrer, coa sentenza da Manada de Manresa, cunha violación en grupo a unha rapaza inconsciente, que non opuso resistencia. Malas noticias para as rapazas...só 10 países europeos definen a violación como sexo sen consentemento- que é o que entendemos todas as persoas que estamos aquí- e entre elas non está España. Unha mostra desa violencia estrutural da que falamos.

CLARA: Eu vou explicar que se entende por “cultura da violación”, porque é un termo que explica como pode ser que todavía, no século XXI, sexa posible que pasen cousas así. Por cultura da violación enténdese a maneira que unha sociedade se manifesta cara a violación e outros tipos de violencia sexual. Aínda que en principio todo o mundo condena unha violación, é moi frecuente que se responsabilice da mesma ás mulleres, cuestionando como ía vestida, se andaba con malas compañías,. Cando ocorre unha violación, parece que se divide as mulleres en boas (inviolables), e malas, as que se responsabiliza polo que lles pasou. As “malas” mulleres son, por suposto, as que parecen “provocativas”, con experiencia sexual...as que se saen fóra do rol feminino. É o que se chama revitimización da muller, e vai desde cuestionar a súa vida ata directamente non crela cando denuncia. Normalmente discúlpase aos homes ou se lles considera enfermos, animais...calquera cousa que descarte que a violación é consecuencia da desigualdade na que vivimos. Para acabar, unha última reflexión...as rapazas somos educadas desde pequenas para saber que temos que ter coidado...dos homes,porque podemos sufrir unha violación en calquera momento. A sociedade pon enriba nosa, a costa de limitar a nosa liberdade, a responsabilidade de “non poñernos en situación de risco”. Para cando unha sociedade que poña a responsabilidade de acabar coa violación na educación dos nenos, dos futuros homes?

HUGO: Van rematar esta presentación Uxía e Álvaro, e non o van facer falando das mulleres asasinadas. Sabemos que a todas e todos os que estamos aquí nos resulta case incomprendible, por iso este esforzo de explicar mediante a pirámide, porque existe a violencia de xénero. Imos acabar falando daquelas persoas que negan que exista esta violencia, a pesares de ser unha realidade innegable.

PECHE: UXÍA E ÁLVARO

ÁLVARO: O negacionismo é a actitude dos que elixen negar unha evidencia para negar unha realidade incómoda. Hai quen nega o holocausto nazi, hai quen nega o cambio climático e hai quen nega que a terra sexa redonda. Incluso hai quen nega a evolución das especies. Podemos pensar que son imbécis, pero o problema do negacionismo é que non só hai persoas que, individualmente, deciden non crer sucesos históricos comprobados, realidades demostradas empíricamente, o problema é que o negacionismo pode converterse nunha ideoloxía, e que haxa grupos de persoas máis ou menos grandes que deciden xuntarse para negar esa realidade e facer proxectos políticos que implican decisións que afectan a toda a sociedade.

Desde o ano 2003 foron asasinadas en España máis de 1000 mulleres, segundo as cifras recollidas aplicando a lei Integral de Violencia de Xénero. E iso que a lei Integral considera vítimas de violencia de xénero, como explicaron Andrea e Aroha, só ás mulleres que teñen ou tiveron unha relación de parella co seu maltratador ou asasino .As vítimas de violencia sexual, as mulleres que son agredidas por descoñecidos, ou as que tiveron unha relación esporádica co seu asasino, esas non entran nas estatísticas. Senón, serían moitas máis.

UXÍA: O negacionismo avanza... hai quen que non quere nin que se lle chame así, violencia de xénero. Como saben que loitar contra a desigualdade é a chave para loitar contra a violencia, e polo tanto temen perder os seus privilexios, negan directamente que exista esta violencia. Din cousas como ..que máis dá que a violencia a exerza un home ou a exerza unha muller? Que frase máis sensata...pero a pregunta é..onde están os máis de 1000 homes asasinados por mulleres desde 2003? Onde os 90 homes asasinados este ano? A violencia de xénero é só a evidencia máis extrema dunha violencia machista que é estrutural e coa que só imos acabar con sesibilización, educación, prevención e poñendo todos os recursos necesarios.

Nós con esta actividade quixemos poñer o noso graniño de area. Ogallá vos fagades o mesmo, que pensedes que podedes facer, ou deixar de facer, para acabar co patriarcado. Moitas grazas.